



ANUNCIO

CONVOCATORIA DE COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO

En cumprimento das peticións efectuadas polos responsables das diferentes Áreas e Servizos, convócanse para a cobertura temporal, a través de comisións de servizos, os seguintes postos de traballo:

- Postos **abertos exclusivamente a persoal funcionario do Concello da Coruña**:

1. Téc. Superior de Proxectos Europeos (Servizo de Proxectos e Estrat. Fondos Europeos), ref. 52
2. Asistente de administración de Seguridade Cidadá (Servizo Seguridade Cidadá), ref. 532
3. Asistente de administración de Actividade Corporativa (Secretaría Xeral), ref. 57

-Postos **abertos a persoal doutras Administracións Públicas**, de acordo cos requisitos da RPT e as Normas de Xestión:

1. Técnico/a Especialista de Producción, ref. 487
2. Xefatura de Servizo de Xestión Administrativa de Infraestruturas, ref. 2293
3. Xefatura de Servizo de Xestión Tributaria, ref. 104
4. Xefatura de Servizo de Contratación, ref. 258

As características dos postos indicados, segundo a RPT, figuran na táboa detallada máis abaixo.

O persoal funcionario de carreira que cumpra os requisitos esixidos na RPT e que queiran participar nesta convocatoria deberá presentar a correspondente solicitude (Anexo I e II) nun rexistro municipal ou sede electrónica, acompañada dun currículo, no **prazo de 5 días hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no xestor de contidos e na sede electrónica municipal.

De conformidade co disposto na disposición terceira punto 7 da Instrución pola que se regula o procedemento interno de xestión dos procesos de provisión temporal de postos de traballo no Concello da Coruña, de non concorrer aspirantes ou de estimarse que os/as candidatos/as non cumpran as condicións funcionais para o desempeño do posto, a convocatoria declarárase deserta.

Táboa cos postos convocados

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Req. Esp.	Element. Espec.	FP	Adm.
Prox.e Estratexias Fondos Europeos	AL2000	Prox. Eur. E Est.	0052	Téc. Sup. Prox. Europ.	A1	24	AX/AE		FR10 ED	C	AY
Seguridade Cidadá	SA0000	Seg. Cidadá	0532	Asistente Admon.	C1/C2	18	AX		FR06	C	AY
Secretaría Xeral	SG1000	Activ. Corporativa	0057	Asistente Admon.	C1/C2	18	AX		FR06	C	AY
Museos Científicos	MC1000	Producción	0487	Téc. Esp. Producción	C1	18	AE	305, 313	FR06 ED	C	TD



Concello da Coruña

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Req. Esp.	Element. Espec.	FP	Adm.
Infraestructuras	IE3000	Serv. Xerais IE	2293	Xef. Servizo Xestión Administrativa IE	A1	28	AX		FR14 ED	LD	TD
Xest. Tributaria	GT0000	Xest. Tributaria	0104	Xef. Servizo	A1	28	AX/AE		FR14 ED	LD	TD
Contratación	CT0000	Contratación	0258	Xef. Servizo	A1	28	AX/AE		FR14 ED	LD	TD

Observacións: Conforme aos artigos 19.2 e 38 das normas de xestión da vixente RPT:

- Os/as funcionarios/as doutras Administracións poderán ocupar os postos de traballo indicados con (TD) sempre que cumpran os requisitos establecidos na RPT e sexan titulares dunha praza igual ou equivalente a unha praza igual ou equivalente a unha praza do cadro do persoal municipal.

- Considerarase que unha praza é equivalente ás existentes no cadro do persoal municipal aos efectos previstos no artigo 19.2 cando cumpra os seguintes requisitos:

a) As prazas da escala de Administración xeral consideraranse equivalentes ás prazas da escala ou corpo de Administración xeral do mesmo grupo/subgrupo de clasificación profesional.

b) As prazas da escala de Administración especial consideraranse equivalentes ás prazas da escala ou corpos especiais do mesmo grupo/subgrupo de clasificación profesional

- En relación coas xefaturas de servizo, cuxa forma de provisión é a libre designación, esta convocatoria realízase ao abeiro da modificación puntual da RPT publicada no BOP nº 136 do 21 de xullo e suxeita aos requisitos de temporalidade establecidos no artigo 31.3 do Decreto 151/2002, do 4 de agosto.

Nota.- Achéganse os modelos de **Solicitud** (Anexo I) e de **Declaración responsable** (Anexo II) que deberán cumprimentar a persoa que participe nesta convocatoria, xuntamente co seu currículo.

A Coruña, a 24 de xullo de 2026